



NOME DO PROXECTO: **incluIDAS** (2023-1-ES01-KA120-SCH-000185740)

TEMPORALIZACIÓN: **outubro 2024-decembro 2027**

TEMÁTICA: **Educación inclusiva**

PARTICIPANTES: **Persoal inspector, persoal asesor e docentes.**

DESTINATARIOS: **Persoas con menos oportunidades e menos experiencia** (docentes, inspectores/as, asesores/as noveis; sen formación previa en inclusión; persoal en situación de desvantaxe).

OBXECTIVOS do proxecto

- 1.** Consegur que os centros educativos sexan máis **inclusivos** para acadar o éxito académico e reducir a taxa de abandono escolar temperán.
- 2.** Impulsar o desenvolvemento profesional para crear unha **rede de expertos**.
- 3.** Maximizar a **transferencia** dos métodos de ensino e tendencias innovadoras.
- 4.** Consegur que os centros que se internacionalicen teñan **proxectos de alta calidade**.

*Todas as mobilidades estarán encamiñadas a un ou varios destes obxectivos.

FORMACIÓN NO CURSO 2024-2025

CURSO: **“Desenvolvemento de habilidades e competencias necesarias para unha práctica educativa inclusiva”**

Lugar: **CAFI // 1º trimestre** curso 2024-2025 // 15 horas presenciais (2 sábados enteiros) e 5h de traballo individual.



CURSO: “A diversidade e inclusão nas escolas: estratégias e indicadores de qualidade de políticas e práticas de inclusão”

Lugar: Universidade do Porto // 2º ou 3º trimestre // 20 horas presenciais (4 días de curso e 1 de observación)

Para participar neste curso é requisito imprescindible ter feito o primeiro curso no CAFI.

OBXECTIVOS da formación

1. Examinar a literatura e investigación en relación coa **inclusión educativa**.
2. Diseñar, desenvolver e avaliar prácticas, estratexias e enfoques que responden á diversidade e á inclusión, reflexionando criticamente sobre o **rol profesional nun portafolios colaborativo**.
3. Proporcionar ás persoas participantes as orientacións necesarias para participar nunha **movilidade** dentro do proxecto sobre inclusión Erasmus+ KA120 de acreditación do CAFI.
4. **Registro nas plataformas EPALE e ESEP.**
5. **Elaboración do portafolios colaborativo** (entre persoal docente, inspector e asesor).

[Aula virtual](#) do proxecto ([Aula virtual CAFI: Proxectos europeos - Sección IncludAS](#))

ASPECTOS RELEVANTES

- Obxectivo: **mellorar a transferencia á aula**. Non se trata de facer só o(s) curso(s), senón de tentar, co apoio de todo o grupo, de implementar e sistematizar prácticas inclusivas de aula.
- Formación e uso de **portafolios** de modo colaborativo, implicando os tres perfís profesionais.
- Formación de alto nivel con expertos con ampla experiencia ([Joan Tomás Pujolà](#), [Vicenta González](#), [Rachel Öner](#), [Russell Stannard](#), [Sofia Marques da Silva](#), [Marta Sampaio](#), [Thiago Freires](#), [Nicolas Martins Silva](#)).



- Pretendemos **crear unha rede de expertos en inclusión** para que poidan impartir docencia posteriormente e facer rede nunha comunidade de práctica.
- Precisamos **compromiso** co proxecto, non só para facer o curso senón para continuar actualizando o teu portafolios durante a duración do proxecto (ata 2027).
- Orzamento 2024-25 (limitado): **13.724€**

IMPORTANTE: Non todas as persoas que asistan ao curso no CAFI van poder ir á mobilidade. Serán seleccionados/as soamente 5 docentes, 2 inspectores e 3 asesores.

CONTIDOS CURSO:

1. Exploración dos problemas, debate e desafíos actuais en torno á inclusión educativa, atendendo ás perspectivas nacionais e internacionais.
2. Explicación de metodoloxías para informar e desenvolver a práctica docente.
3. Formulación e implementación dunha práctica de aula/centro para contribuír ao desenvolvemento integral do alumnado.
4. Emprego do portafolios como ferramenta de reflexión e de traballo colaborativo.
5. Documentación necesaria para a preparación e seguimento nunha mobilidade dun proxecto KA121.

MOBILIDADE DE PERSOAL:

O 1º ano fórmase ás 10 persoas que participarán na mobilidade ao estranxeiro (5 profesores, 3 asesores e 2 inspectores).

Este número de participantes evoluciona así: no 2 ano duplícase (2 cursos), no 3 ano triplícase (3 cursos) e no 4 ano cuadriplícase (4 cursos), ascendendo a 100 o número total de destinatarios.

O 1º ano (2024) só se oferta un curso que versa sobre a inclusión desde unha perspectiva GLOBAL. O segundo ano (2025) comeza o curso cun enfoque de inclusión DIXITAL, e o terceiro



(2026) bota a andar un terceiro curso cun enfoque da inclusión desde o punto da vista da COMUNICACIÓN. Podes unirte ao proxecto en calquera dos cursos e tamén en calquera dos enfoques, pero requírese compromiso ata o remate (2027).

O total de participantes no proxecto será de:

- 50 docentes
- 30 asesores/as
- 20 inspectores/as

Con este proxecto búscase que os tres colectivos desenvolvan actuacións que conflúan para asegurar que a formación teña un impacto na aula e se traduza na mellora dos procesos de ensino-aprendizaxe.

Para realizar a selección dos/as participantes terase en conta a pertenza a colectivos con menos oportunidades, por exemplo, contar con menos de 5 anos de antigüidade no corpo (a antigüidade é un criterio de selección) así como calquera outra circunstancia que indique que a persoa **se enfrenta a obstáculos que lle impiden ter un acceso eficaz ás oportunidades que ofrece o Programa** por motivos **económicos, sociais, culturais, xeográficos ou de saúde**, debido á súa orixe inmigrante, por **razóns tales como a discapacidade e as dificultades de aprendizaxe** ou por **calquera outra razón que poida dar lugar a discriminación**.